

3 EN RAIA

É moito o lixo RECICLABLE que estamos acumulando estes días que pasamos máis tempo na casa.

Cunha caixa baleira, do tamaño que teñades, 6 tapóns de plástico e o material escolar que usedes na casa a cotío, podemos facer un xogo apto e divertido para toda a familia: o “3 EN RAIA”.

Sempre coa axuda dun adulto:

1. Cortamos unha caixa en forma de cadrado, usando tesoiras ou cutter.
2. Cun lapis debuxamos, nós ou tomando como referencia a circunferencia do tapón como patrón, 5 círculos: 4, unha en cada unha das esquinas do taboleiro e 1 no medio. Despois nos ocós que nos quedaron entre os anteriores, debuxamos os que faltan para elaborar un taboleiro de 9 círculos, organizados 3x3.
3. Axudámonos dunha regra para facer os “camiños” que van seguir os nosos tapóns para aliñarse.
4. Para decorar o taboleiro: coloreade os círculos de cores, dunha soa cor, con purpurina..., con rotulador, ceras... dependerá do material que teñades na casa e gustos persoais. Rotulade os círculos e os camiños, quedarán máis vistosos e non haberá dúbidas.
Se tedes folios para reutilizar podedes cubri-lo cartón e debuxar enriba del o taboleiro, pode quedar moooi ben!!
5. Para decorar os tapóns: podedes usar os tapóns tal cual (utilizando dúas cores diferentes), pegatinas, facer vós o debuxo e pégalos...
6. Ás familias - “RESIDUO CERO”, que estades reducindo o consumo de obxectos con plástico, podedes usar “fichas” feitas cón cartón sobrou, garavanzos ou fabas. Evitaremos arroz, lentellas...e aquelas legumes de tamaño pequeno.

Propoñémosvos uns exemplos que esperamos vos gusten e poñades en práctica! Nestes días tan especiais quero propoñer vos valores como a SOLIDARIEDADE (cor rosa) e UN ARCO DA VELLA (“Todo vai saír ben”) que podemos incluír no deseño (ou non) dos nosos xogos.

Este xogo desenvolve a creatividade, a capacidade de hipótesis, a resolución de problemas, a busca de solución e o máis importante, COMPARTIR un rato con vós “facendo” e “xogando”.

LEMBRADE...SEMPRE POLOS CAMINIÑOS!!

